



COMEZAN OS DESPEDIMENTOS EN GALIZA...HAI CONFLICTO.

Malia que a empresa non fixo ningún tipo de comunicación oficial, cando menos **aos sindicatos que non claudicamos no ERE IV, temos constancia de cando menos 8 despedimentos en Galiza.**

Estamos ante **despedimentos inxustos** que comparten un mesmo perfil: a **empresa despide a que quere e incluso con engano de por medio.**

Houbo casos onde despois de pechar oficinas se lle dixo que “*estaban a espera de novo destino*” e que tiñan que falar directamente co responsable de RRHH Francisco Mateo. **Non tiveron mais noticias ata recibir a notificación do seu despedimento.**

Nestes momentos **hai contratos temporais en vigor** en Galiza, estao recolocando a xente de fora de Galiza aquí, polo que **hai vacantes. Despiden a brava.**

Tal e como temos anunciado, **si hai despedimentos, hai conflito.** O vindeiro **martes 16 de abril nos, os vosos representantes sindicais** electos no seu día para defender os postos de traballo, **concentrarémonos diante da oficina de San Roque en Lugo, onde foron despedidos 2 compañeiros.**

Hai prazas para recolocar, despiden por que queren... e lles deixan. **Comeza o pesadelo.**